

## *Amósanos o que les 2009: Ler na cidade*

### **BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DIGITAL DAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DA CORUÑA (Ed. 2009)**

#### **1. Presentación**

---

As Bibliotecas Municipais da Coruña convocan este concurso de fotografía dixital, para amosar o feito lector entre os cidadáns cunha visión orixinal e lúdica dos libros, dos lectores e da súa lectura nun entorno urbán perante a fotografía.

As fotografías que solicitamos deben reflectir manifestacións de lectura, espazos lectores tradicionais ou novidosos e distintas formas de lectura nunha cidade actual. Gustaríanos coñecer gráfica e artisticamente **dónde, quén** e, sobre todo, **cómo** se le nun entorno urbán: traballo, autobús, comendo, agardando unha cita, e unha longa casuística.

As fotografías poden ser espontáneas ou preparadas, de estudio ou exteriores, color ou branco e negro; o importante é a orixinalidade e a imaxinación do fotógrafo e da escea representada.

#### **2. Obxectivos**

---

- Amosar e compartir visións sobre as formas de lectura actual nun contorno urbán.
- Incorporar algunhas destas fotografías á paxina web das bibliotecas municipais da Coruña como recurso gráfico e tamén a calquera evento ou publicación do Concello da Coruña.

#### **3. Participantes**

---

Poderán participar neste concurso todas as persoas afeccionadas á fotografía maiores de 18 anos.

#### **4. Obras fotográficas**

---

- Cada participante pode presentar só unha fotografía. As fotografías deben ser orixinais e exclusivas do autor, e non poden ter sido premiadas nin publicadas con anterioridade.
- Cada participante debe ser autor e propietario dos dereitos de autor da fotografía que presenta. Os participantes deberán responder ante as reclamacións de autoría que poidan formular terceiras persoas con respecto a isto.
- Todas as fotografías deben respectar o dereito á intimidade das persoas e á propia imaxe de acordo coa Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar, e á propia imaxe.
- Calquera fotografía que non reúna estas condicións non será admitida no concurso.

#### **5. Formatos**

---

O formato fotográfico será JPEG/JPG e en ningún caso poderá superar os 5 Mb. de carga.

## 6. Inscripción e entrega das fotografías

---

- Para concursar débese entrar na páxina **www.coruna.es/librosenfotos**
- A continuación hai que rexistrarse e escribir os datos que se solicitan e, posteriormente, xa se poden enviar as fotografías e a información relacionada con estas. O proceso finaliza unha vez realizado o envío electrónico.
- A recepción electrónica das fotografías considérase o xustificante de autoría ante calquera organismo ou persoa fotografada que presente reclamacións de dereitos de imaxe.

## 7. Calendario

---

- Prazo de envío das fotografías: Do 17 de marzo (09:00 hora local da Coruña) ata o 16 de abril incluído (14:00 hora local da Coruña) do 2009.
- Publicación das persoas gañadoras: a partir do 20 de abril do 2009
- Entrega de premios: 23 de abril do 2009 no Forum Metropolitano da Coruña

Unha vez comprobados que os envíos cumpren os requisitos exixidos publicaránse progresivamente na web do Concello **www.coruna.es/librosenfotos** para que os cidadáns e as cidadás poidan velas e disfrutalas e, incluso, facer algún comentario sobre as mesmas.

O xurado resérvase a facultade de interpretar e resolver calquera circunstancia non prevista nas bases.

## 10. Xurado do concurso

---

Un xurado determinará as 3 fotografías merecedoras de premio: 1 gañadora ou outras 2 finalistas. O devandito xurado estará formado por:

- Concelleira de Cultura do Concello da Coruña ou persoa na que delegue
- Una directora das Bibliotecas Municipais da Coruña
- Un fotógrafo profesional

## 11. Premios

---

- O primeiro premio consistirá nunha cámara dixital reflex
- Entregaranse dous premios aos finalistas consistentes nun reproductor de mp4

## 12. Dereitos

---

- Os dereitos de comunicación pública, divulgación, reprodución e transformación das fotografías finalistas e gañadoras serán cedidos gratuitamente ao Concello da Coruña, que se reserva estes dereitos de acordo cun dos obxectivos do concurso: incorporar estas fotografías na web municipal sen ánimo de lucro.
- Enténdese que esta cesión é de carácter exclusivo, para calquera país do mundo e durante un período de cinco anos, renovables de forma automática salvo petición expresa dos interesados, o autor ou autora renuncia a recibir unha remuneración polo uso da obra.
- Sempre que unha destas fotografías se empregue, mencionarse o nome de quen a enviase.
- O Concello velará polo bo estado e a conservación das obras, aínda que non se responsabiliza de calquera deterioro fortuíto alleo á súa vontade.

### **13. Aceptación**

---

A participación no concurso implica a aceptación de todas e cada unha das bases do concurso, e da decisión do xurado.

### **14. Orde xurisdiccional competente**

---

A orde xurisdiccional contenciosa administrativa é a competente para resolver as controversias que poidan xurdir, unha vez que se esgote a vía administrativa, con expresa submisión nos xulgados e tribunais da Coruña.